

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

*ORDE do 5 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, do Programa de promoción da actividade deportiva en idade escolar a través do Bono deporte, se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, para o ano 2024 e se abre o prazo para a adhesión dos establecementos comerciais, entidades deportivas e prestadores de servizos deportivos (código de procedemento DE402D).*

O fomento da práctica de actividade física e deportiva entre a poboación en idade escolar é unha das liñas de actuación máis destacadas nas políticas públicas de fomento deportivo levadas a cabo pola Administración autonómica en desenvolvemento da competencia exclusiva na promoción do deporte e da adecuada utilización do lecer prevista no número vinte e dous do artigo 27 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que aproba o Estatuto de autonomía de Galicia.

A consideración do deporte como unha actividade de interese público, expresamente recoñecida polo artigo 2 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, vén motivada polas especiais funcionalidades do feito deportivo, especialmente nos ámbitos da educación, a formación, a saúde ou a socialización e a cohesión social, entre outros.

Estas funcionalidades adquiren especial relevancia entre a poboación en idade escolar, polos réditos inmediatos que o deporte e a actividade física supoñen no desenvolvemento integral das nenas e nenos, pero tamén polo que significan para a consolidación de hábitos de vida saudables nas idades futuras.

Neste marco de actuación, a Xunta de Galicia desenvolve distintas actuacións de promoción do deporte de base nas idades temperás, destacando entre elas o seu programa dos Xogos galegos deportivos en idade escolar, programa Xogade, implementado na tempada 2009/10.

Desde entón, cada convocatoria anual de Xogade ofrece un modelo en que se posibilitan actividades que atenden as diferentes necesidades dos escolares, partindo sempre do dereito de todos e todas a coñecer e practicar deporte e actividade física de forma libre, voluntaria, democrática, igualitaria e sen discriminación. Neste programa engloban-



se distintas actuacións e actividades de fomento como son, entre outras, a facilitación do seguro de accidentes deportivo 6-16 ás federacións galegas adheridas ao programa ou as actividades de promoción desenvolvidas polas agrupacións deportivas escolares, claves principais, xunto aos clubs deportivos, no desenvolvemento do deporte de base na Comunidade Autónoma.

Co fin de seguir ampliando o modelo consagrado co programa Xogade, permitindo a extensión e promoción da práctica deportiva e de activade física entre os escolares de Galicia, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en exercicio das súas funcións de promoción, ordenación e organización do deporte en idade escolar na Comunidade Autónoma (artigo 5.1.n) da Lei do deporte), pretende a implementación dun novo programa, o Bono deporte, que terá por finalidade axudar as familias nos gastos derivados da práctica deportiva dos nenos e nenas con idades comprendidas entre os 6 e os 16 anos, nos termos que se establecen na presente convocatoria.

Esta orde tramítase como expediente anticipado de gasto, o que permite unha mellor planificación do novo programa e, en última instancia, a posibilidade de obter antes a consecuente resolución deste, maximizando os obxectivos do Bono deporte.

A teor do exposto, en virtude das competencias que ten atribuídas a Vicepresidencia Primeira e Consellería Presidencia, Xustiza e Deportes en materia de deportes, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. Convocatoria e bases reguladoras

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión de axudas do programa de promoción da actividade deportiva en idade escolar na Comunidade Autónoma de Galicia a través do Bono deporte.

Así mesmo, por medio desta orde procédese á súa convocatoria para o ano 2024 e á apertura do prazo de adhesión dos establecementos comerciais, entidades deportivas ou prestadores de servizos interesados (código de procedemento DE402D).

##### Artigo 2. Obxectivo

O obxectivo do programa Bono deporte é axudar as familias nos gastos derivados da práctica deportiva dos nenos e nenas con idades comprendidas entre os 6 e os 16 anos



**federados** ou **inscritos no programa Xogade** e fomentar, consecuentemente, a práctica do deporte en idade escolar na Comunidade Autónoma.

### Artigo 3. *Orzamento*

1. Para a concesión destas axudas destinaranse 16.120.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.02.441A.480.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

2. Esta convocatoria tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. Deste xeito, a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 no momento da resolución.

### Artigo 4. *Entidade colaboradora*

A entrega e a distribución dos fondos das axudas farase coa entidade colaboradora seleccionada ao abeiro da Orde do 3 de novembro de 2023 pola que se convoca, mediante tramitación anticipada de gasto, o procedemento de concorrencia para a selección dunha entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos das axudas do Programa de promoción da actividade deportiva en idade escolar a través do Bono deporte (código de procedemento DE402C) (DOG núm. 212, do 8 de novembro).

### Artigo 5. *Actividade subvencionable*

Por medio desta orde **subvenciónase a compra de material e equipamento deportivo para o menor**, así como a **contratación de servizos relacionados coa práctica da actividade deportiva**, entendéndose expresamente incluída entre estes servizos a **cota de clubs deportivos**, a través do Bono deporte e **nos establecementos comerciais, entidades deportivas e prestadores de servizos de Galicia adheridos ao programa**, segundo o establecido no artigo 10 destas bases reguladoras e nas condicións e datas fixadas nelas.

**Cada bono terá un valor de 120 € e terá a consideración de bono desconto do 80 % da compra ou servizo adquirido.** O importe do bono irase reducindo en función do valor da compra realizada (IVE incluído). **Poderase usar cada bono ata o seu esgotamento e durante o prazo de validez establecido no artigo 16.3 desta orde.**



**Artigo 6. *Natureza das axudas***

As axudas que se concedan no marco do Programa de promoción da actividade deportiva en idade escolar a través do Bono deporte terán a consideración de subvencións a fondo perdido non reintegrables.

**Artigo 7. *Procedemento de concesión***

O procedemento para a concesión das axudas reguladas nesta orde é de outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo á orde das solicitudes ata o esgotamento do crédito previsto no artigo 3 destas bases reguladoras.

Xustifícase a excepcionalidade porque nestes casos non é necesaria a comparación de proxectos entre si, polo interese especial en promover actuacións que fomenten a práctica de actividade física e deportiva en idade escolar, cumprindo os requisitos especificados nesta orde.

**Artigo 8. *Órgano responsable da xestión das axudas***

O órgano responsable da xestión das subvencións será a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a través da súa Secretaría Xeral para o Deporte, a quen lle corresponderá desenvolver as actuacións de supervisión e control da correcta execución do programa.

A xestión dos fondos públicos asignados ao programa Bono deporte levarase a cabo de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

**Artigo 9. *Persoas beneficiarias***

1. Poderán ser beneficiarias das axudas do Bono deporte o pai ou nai, titor/a ou persoa que teña en acollemento familiar ou garda con fins adoptivos un menor con idade compren-



didada **entre os 6 e os 16 anos** no momento da solicitude, **federado** ou inscrito no programa **Xogade**, e que realicen as actuacións establecidas no artigo 5 destas bases reguladoras.

Cada menor xerará dereito a un único Bono deporte. Sen prexuízo de que o menor sexa titular de varias licenzas deportivas, dunha licenza e dun identificador Xogade, ou que simultanee distintas actividades deportivas, cada persoa beneficiaria disporá dun único Bono deporte por menor con idade comprendida entre os 6 e os 16 anos, nos termos que se establecen nesta orde.

**O identificador Xogade ou o número de licenza deportiva federada do menor con idade comprendida entre os 6 e os 16 anos deberá estar emitida durante 2023 e o menor deberá continuar no programa Xogade ou ter licenza deportiva federada no momento da descarga do bono.**

2. As axudas entenderanse concedidas co troco dos bonos polas persoas beneficiarias.

#### **Artigo 10. *Alta e requisitos dos establecementos adheridos ao programa***

1. **Os establecementos comerciais, entidades deportivas e prestadores de servizos que desexen adherirse ao programa Bono deporte deberán rexistrarse na web [www.bonodeporte.gal](http://www.bonodeporte.gal) e indicar a seguinte información:**

- Nome e apelidos ou razón social.
- Establecemento comercial en Galicia.
- NIF.
- Nome, apelidos e DNI ou NIE da persoa representante.
- Nome comercial.
- Enderezo do establecemento comercial.
- Número de teléfono móbil.
- Correo electrónico.
- IAE (incluído no anexo I).



- IBAN da conta bancaria.
- Páxina web do establecemento comercial.

2. O prazo para adherirse ao programa será desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o 30 de decembro de 2023, sen prexuízo da súa posible ampliación nos termos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Poderán adherirse ao programa Bono deporte os establecementos comerciais, entidades deportivas e prestadores de servizos que cumpran os seguintes requisitos:

a) No caso dos establecementos comerciais e dos prestadores de servizos, que desenvolvan a súa actividade en Galicia e reúnan as condicións legalmente establecidas para o exercicio da súa actividade.

No caso das entidades deportivas, que estean inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

b) Que en ambos os supostos estean dados de alta nalgún dos grupos ou epígrafes do IAE recollidos no anexo I desta orde.

4. A alta e o uso da aplicación polos establecementos comerciais, entidades deportivas e prestadores de servizos suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade conforme o Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da cal serán informadas convenientemente.

5. Na alta para a adhesión ao programa, as persoas e entidades interesadas poderán outorgar a súa autorización para recibir información das axudas, actuacións e programas que poña en marcha a Secretaría Xeral para o Deporte.

6. Os representantes dos establecementos comerciais, entidades deportivas ou prestadores de servizos deberán asinar dixitalmente a declaración responsable, manifestando o cumprimento das condicións establecidas e a veracidade dos datos indicados, sen prexuízo de cantas outras formalidades estean obrigados a cumprir. A Vicepresidencia Primeira



e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, poderá comprobar ou, se é o caso, solicitar en calquera momento os documentos acreditativos dos mencionados requisitos.

7. Non se admitirán nin se terán en conta as solicitudes presentadas que non cumpran coas anteriores condicións nin coa forma establecida nesta orde.

8. O nome comercial e a localización dos establecementos comerciais, entidades deportivas ou prestadores de servizos adheridos ao programa Bono deporte faranse públicos na web [www.bonodeporte.gal](http://www.bonodeporte.gal)

9. Os establecementos comerciais, entidades deportivas ou prestadores de servizos adheridos ao programa recibirán cunha periodicidade semanal, na conta bancaria indicada para tal efecto, a cantidade equivalente aos bonos trocados no seu establecemento, agás no suposto previsto no artigo 20 destas bases reguladoras.

Artigo 11. *Comprobación de datos dos establecementos comerciais, entidades deportivas ou prestadores de servizos adheridos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) DNI ou NIE da persoa representante.
- d) NIF da entidade representante.
- e) Imposto de actividades económicas (IAE): epígrafes ata un máximo de 10 do imposto de actividades económicas, en que se encontra matriculado (de alta ou de baixa) un contribuínte ou titular na data actual.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á súa consulta deberán indicalo e achegar os correspondentes documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar la consulta.



3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

**Artigo 12. *Solicitud dos bonos***

1. Para a obtención dos bonos, cada persoa beneficiaria deberá darse de alta na web [www.bonodeporte.gal](http://www.bonodeporte.gal) e indicar a seguinte información:

a) Nome e apelidos do pai/nai, titor ou persoa que teña en situación de acollemento familiar ou garda con fins adoptivos o menor con idade comprendida entre os 6 e 16 anos.

b) Maioría de idade.

c) DNI/NIE.

d) Localidade de residencia (código postal).

e) Número de teléfono móbil.

f) Correo electrónico.

g) Nome e apelidos do menor con idade comprendida entre os 6 e os 16 anos.

h) Data de nacemento do menor con idade comprendida entre os 6 e os 16 anos.

i) Se é o caso, DNI do menor con idade comprendida entre os 6 e os 16 anos.

j) Identificador Xogade ou número de licenza deportiva federada do menor con idade comprendida entre os 6 e os 16 anos, nos termos establecidos no artigo 9 desta orde.

k) En caso de ser licenza deportiva federada, federación emisora.

2. O uso da páxina web e a solicitude do Bono deporte supón a aceptación das condicións para o tratamento de datos persoais conforme o Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e





Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, poderá verificar os datos persoais que figuran no seu poder, así como aqueles outros relativos á licenza deportiva federada xestionados polas federacións deportivas galegas no exercicio das funcións públicas delegadas que lles atribúe a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

3. As persoas beneficiarias deberán declarar responsablemente a veracidade dos datos indicados. A Secretaría Xeral para o Deporte poderá solicitar, en calquera momento, os documentos acreditativos dos mencionados requisitos.

4. Así mesmo, as persoas beneficiarias deberán declarar responsablemente que están ao día no cumprimento das obrigas coa Facenda pública do Estado e da Administración autonómica, así como coa Seguridade Social, e que están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Opcionalmente, os bonos poderanse solicitar presencialmente na Secretaría Xeral para o Deporte e nos servizos de Deporte das xefaturas territoriais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

As persoas interesadas, ou os/as seus/súas representantes, poderán autorizar expresamente aos/ás empregados/as para a solicitude e a obtención dos bonos en formato papel. Neste suposto deberase acreditar a representación expresa por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna ou mediante declaración responsable en comparencia persoal da persoa interesada ante o/a funcionario/a da Administración.

### **Artigo 13. Sistema de funcionamento dos bonos**

1. A descarga dos bonos polas persoas beneficiarias realizarase na web [www.bonodeporte.gal](http://www.bonodeporte.gal) e, nese momento, entenderase proconcedida a axuda. Os bonos terán formato dixital a través dun código QR e estarán dispoñibles para a súa utilización nunha APP que permita realizar pagamentos (Wallet ou similar).

2. Para trocar os bonos e poder facer efectivos os descontos ás persoas beneficiarias, **os establecementos adheridos terán que descargar no seu móbil a APP bono deporte.**

3. No momento da compravenda ou da prestación do servizo, os establecementos adheridos terán que introducir na APP o importe e o concepto da venda ou da prestación do servizo e aparecerá automaticamente o importe que se vai cobrar (unha vez aplicado o



desconto). Pola súa banda, as persoas beneficiarias deberán mostrar o seu bono en formato código QR e pagar, en efectivo ou con tarxeta, o importe final da compra realizada.

**Artigo 14. Obrigas dos establecementos comerciais, entidades deportivas ou prestadores de servizos adheridos ao programa das persoas beneficiarias**

1. Os establecementos comerciais, entidades deportivas ou prestadores de servizos adheridos ao programa Bono deporte adquirirán, a través da solicitude de adhesión ao programa, as seguintes obrigas:

a) **Anunciar no exterior do establecemento comercial, entidade deportiva ou da instalación do prestador de servizos, nun lugar visible, a adhesión ao programa mediante a colocación dos correspondentes materiais publicitarios coa imaxe corporativa do programa Bono deporte.**

b) Facer o desconto directo dos bonos nos tickets ou facturas de compra emitidos, de xeito que as persoas beneficiarias non cheguen a realizar, en ningún caso, o desembolso do importe descontado.

c) Especificar por escrito na zona de caixa, de forma visible, a política de devolución establecida no número 5 do artigo 16 destas bases reguladoras.

d) Someterse ás actuacións de comprobación e vixilancia necesarias por parte da Secretaría Xeral para o Deporte para verificar o adecuado funcionamento e xestión dos bonos e do programa en xeral.

e) Conservar durante un ano todos os tickets ou facturas de compra xustificativos da aplicación dos bonos, mentres poidan ser obxecto de comprobación e control por parte da Secretaría Xeral para o Deporte.

f) Custodiar con dilixencia as claves de acceso á plataforma co fin de evitar o seu uso indebido, comprometéndose a non facilitarllelas a outras persoas ou establecementos.

g) As demais obrigas derivadas da presente orde.

2. As persoas beneficiarias do bono deporte deberán someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, ou calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o cal se achegará tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.



**Artigo 15. Órganos competentes para a instrución e resolución**

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, así como para realizar a proposta de resolución.

Corresponderalle á persoa titular da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ditar a resolución correspondente, sen prexuízo da delegación noutros órganos.

**Artigo 16. Condicións de uso dos bonos**

1. Cada persoa beneficiaria disporá dun único bono por menor con idade comprendida entre os 6 e 16 anos nas condicións desta orde, e que poderá ser usado nun ou varios dos establecementos comerciais, entidades deportivas ou prestadores de servizos adheridos ao programa.

2. Cada bono terá un valor de **ata 120 €**, que terá a consideración de bono desconto do **80 %** da compra ou servizo adquirido. O importe do bono irase reducindo en función do valor da compra realizada.

O bono poderá usarse ata o seu esgotamento e durante o prazo de validez establecido no punto seguinte.

3. **A validez dos bonos estenderase desde a súa descarga ata o 1 de xullo de 2024, salvo esgotamento previo do seu saldo.**

4. A través da plataforma tecnolóxica do programa, os establecementos comerciais, entidades deportivas ou prestadores de servizos adheridos terán á súa disposición a información necesaria e poderán consultar o histórico das súas vendas, os bonos xa trocados, os aboamentos feitos pola entidade colaboradora e os demais detalles de cada operación.

5. En caso de devolución do ben ou bens comprados, o importe da compra poderá ser trocado por outra compra de prezo igual ou superior ou por un bono con caducidade de tres meses polo importe correspondente. O establecemento adherido non poderá aboar á persoa consumidora, en ningún caso, diñeiro en efectivo ou na tarxeta de crédito.

6. **Non será aplicable o troco dos bonos para as compras en liña.**



**Artigo 17. *Data de descarga dos bonos***

Os bonos estarán dispoñibles na web [www.bonodeporte.gal](http://www.bonodeporte.gal) para a súa descarga polas persoas usuarias desde o 8 de xaneiro de 2024 ao 29 de febreiro dese ano. Non obstante, se antes do 29 de febreiro de 2024 se esgota o crédito máximo fixado nesta orde, nese momento finalizaría o prazo de descarga, procedéndose de acordo co artigo 32 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Artigo 18. *Vixencia do programa***

O programa Bono deporte estará vixente ata o 31 de decembro de 2024.

Mediante orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderase modificar a devandita data se razóns organizativas ou doutra índole así o aconsellan, do que se dará a oportuna publicidade.

**Artigo 19. *Instrución e resolución de concesión***

Unha vez solicitado e descargado o bono na forma establecida no artigo 13 destas bases reguladoras, as axudas entenderanse preconcedidas.

A resolución de concesión das axudas publicarase na páxina web oficial da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, con indicación das persoas beneficiarias e do importe das axudas concedidas.

**Artigo 20. *Xustificación e inspección***

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, como responsable do programa, reserva para si o dereito de realizar durante o período de vixencia do programa e a posteriori e de forma aleatoria cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control considere oportunas para asegurar a correcta aplicación dos recursos públicos e para verificar o adecuado desenvolvemento e execución do programa Bono deporte.

No suposto de que exista algún incumprimento por parte dos establecementos comerciais, entidades deportivas ou prestadores de servizos adheridos, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá cancelar a adhesión destes ao programa subvencional. Neste caso comunicará a dita circunstancia á entidade colaboradora co fin de impedir o troco e



paralizar o proceso de pagamento dos bonos ou solicitará, se é o caso, o reintegro dos fondos percibidos.

Os establecementos comerciais, entidades deportivas ou prestadores de servizos adheridos están obrigados a facilitar canta información lles sexa requirida pola Secretaría Xeral para o Deporte e os restantes órganos competentes no exercicio das súas funcións de control do destino das axudas.

#### Artigo 21. *Compatibilidade con outras axudas*

As axudas obtidas ao abeiro desta orde serán compatibles con calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso procedente doutras administracións públicas.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

#### Artigo 22. *Información básica en materia de protección de datos persoais*

A recollida dos datos persoais está encomendada á entidade financeira adxudicataria na súa condición de encargada do tratamento dos datos, e a Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia terá a condición de responsable do tratamento. A información facilitada a través da plataforma de xestión dos bonos deporte ás persoas solicitantes e as persoas representantes dos establecementos comerciais, entidades deportivas ou prestadores de servizos adheridos respecto do tratamento dos seus datos persoais será consensuada previamente co responsable do tratamento.

Os datos persoais recollidos serán tratados coa finalidade de levar a cabo a xestión xeral dos bonos deporte e a tramitación administrativa que desta derive.

A base lexitimadora para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada por razón de interese público ou no exercicio de poderes públicos, fundamentada no disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e demais lexislación concordante.

Os datos persoais das persoas beneficiarias dos bonos deporte serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións conforme á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Pola súa banda, para a entrega do material coa imaxe corporativa do



programa Bono deporte aos establecementos adheridos, a información relativa ao nome comercial e ao enderezo postal do establecemento, ao nome da persoa representante e ao teléfono móbil poderá ser comunicada ás entidades colaboradoras.

Serán obxecto de publicación os nomes comerciais dos establecementos comerciais, entidades deportivas ou prestadores de servizos adheridos ao programa na páxina web [www.bonodeporte.gal](http://www.bonodeporte.gal)

As persoas interesadas poderán solicitar, ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>. No caso de menores que teñan feitos 14 anos ou máis, poderán exercer estes dereitos por si mesmos.

As persoas interesadas poderán consultar máis información sobre a protección dos seus datos persoais e contactar co delegado de protección de datos (DPD) na páxina <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

As persoas solicitantes dos bonos que facilitasen datos persoais dos seus fillos e fillas ou tutelados e tuteladas maiores de 14 anos deberán informar a estes dos aspectos establecidos nos parágrafos anteriores.

#### Artigo 23. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

#### Artigo 24. *Información*

As persoas interesadas poderán obter información adicional a través da web:

[www.bonodeporte.gal](http://www.bonodeporte.gal)



Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderán facer uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia 012 (desde o resto do Estado, 902 12 00 12).

Disposición adicional única. *Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular Secretaría Xeral para o Deporte para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2023

Diego Calvo Pouso  
Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia,  
Xustiza e Deportes

**ANEXO I**  
**Grupos e epígrafes do IAE**

Sección	División	Agrupación	Grupo	Epígrafe	Denominación
1	3	38	383	383.1	Motocicletas e ciclomotores
1	3	38	383	383.2	Bicicletas, triciclos e monociclos
1	3	38	383	383.5	Accesorios para motos e bicicletas
1	3	39	391	391.2	Instrumentos para a navegación
1	4	43	439		Outras industrias téxtiles
1	4	43	439	439.9	Outras industrias téxtiles n.c.n.
1	4	45	453	453.1	Confección de toda clase de pezas de roupa vestir
1	4	45	455	455.9	Confección doutros artigos con materias téxtiles n.c.n.
1	4	45	456	456.1	Peletaría natural
1	4	45	456	456.2	Peletaría artificial
1	4	46	465	465.2	Ferramentas, mangos, monturas e artigos similares de madeira
1	4	46	465	465.4	Artigos de madeira para a industria téxtil
1	4	46	467	467.1	Artigos de materias trenzables





Sección	División	Agrupación	Grupo	Epígrafe	Denominación
1	4	49	494		Fabricación de xogos, xoguete e artigos de deporte
1	4	49	494	494.2	Fabricación de artigos de deporte
1	6	61	619	619.1	Comercio grosista de xoguete e artigos de deporte
1	6	65	651		Comercio retalista de produtos téxtiles, confección, calzado, pel e coiro
1	6	65	651	651.2	Comercio retalista de toda clase de pezas para o vestido e toucado
1	6	65	651	651.3	Comercio retalista de lenzaría
1	6	65	651	651.4	Comercio retalista de artigos de mercería e paquetería
1	6	65	651	651.6	Comercio retalista de calzado, artigos de pel e imitación ou produtos substitutivos, cintos, carteiras, bolsos, maletas e artigos de viaxe en xeral
1	6	65	651	651.7	Comercio retalista de confeccións de peletaría. Así mesmo, esta epígrafe faculta para a venda retalista, como complemento, de artigos de pel e imitación ou produtos substitutivos, tales como cintos, carteiras, bolsos etc.
1	6	65	654	654.4	Comercio retalista de vehículos fluviais e marítimos de vela ou motor e deportivos
1	6	65	654	654.6	Comercio retalista de cubertas, bandas ou bandaxes e cámaras de aire para toda clase de vehículos
1	6	65	659	659.6	Comercio retalista de xoguete, artigos de deporte, armas...
1	6	65	659	659.9	Comercio retalista outros produtos n.c.n.
1	6	66	661	661.1	Comercio en grandes almacéns, entendendo por tales aqueles establecementos que ofrecen unha variedade ampla e, en xeral, profunda de varias gamas de produtos (principalmente artigos para o equipamento do fogar, confección, calzado, perfumaría...)
1	6	66	661	661.2	Comercio en hipermercados, entendendo por tales aqueles establecementos que ofrecen principalmente en autoservizo unha ampla variedade de produtos alimenticios e non alimenticios de gran venda, que dispoñen, normalmente, de estacionamentos
1	6	66	663	663.2	Comercio retalista fóra dun establecemento comercial permanente de artigos téxtiles e de confección
1	6	66	663	663.3	Comercio retalista fóra dun establecemento comercial permanente de calzado, peles e artigos de coiro
1	9	93	931	931.2	Ensino de educación básica: educación primaria e/ou educación secundaria obrigatoria, exclusivamente
1	9	93	931	931.3	Ensino de bacharelato, orientación universitaria, formación profesional e ciclos formativos de formación profesional específica de grao medio e grao superior, exclusivamente
1	9	93	931	931.4	Ensino de máis dunha modalidade das recollidas nas epígrafes anteriores
1	9	93	931	931.5	Ensino de educación superior
1	9	93	932	932.1	Ensino de formación e perfeccionamento profesional non superior
1	9	93	932	932.2	Ensino de formación e perfeccionamento profesional superior
1	9	93	933	933.9	Outras actividades de ensino, tales como idiomas, corte e confección, mecanografía, taquigrafía, preparación de exames e oposicións e similares, n.c.n.
1	9	96	967	967.1	Instalacións deportivas





Sección	División	Agrupación	Grupo	Epígrafe	Denominación
1	9	96	967	967.2	Escolas e servizos de perfeccionamento do deporte
1	9	96	967	967.3	Alugamento de artigos para deporte en instalacións deportivas
1	9	96	968	968.1	Instalacións para celebración de espectáculos deportivos
1	9	96	968	968.2	Instalacións deportivas
1	9	96	968	968.3	Organización de espectáculos deportivos por federacións e clubs
1	9	96	969	969.5	Xogos de billar, ping-pong, birlos e outros
2	8	82	821		Persoal docente de ensino superior
2	8	82	822		Persoal docente de ensino medio
2	8	82	823		Persoal docente de ensino xeral básico e preescolar
2	8	82	824		Profesores de formación e perfeccionamento profesional
2	8	82	826		Persoal docente de ensinanzas diversas, tales como educación física e deportes, idiomas, mecanografía, preparación de exames e oposicións ou similares
2	8	83	836		Axudantes técnicos sanitarios e fisioterapeutas
3	02	029			Outras actividades de baile n.c.n.
3	04	041			Xogadores e adestradores de fútbol
3	04	042			Xogadores, adestradores de tenis e golf
3	04	043			Pilotos, adestradores de moto e autociclismo
3	04	044			Boxeadores, adestradores de boxeo
3	04	045			Xogadores, adestradores de baloncesto
3	04	046			Xogadores, adestradores de ciclismo
3	04	047			Balonmán, voleibol, pelota, hípica, loita
3	04	048			Árbitros de espectáculos deportivos
3	04	049			Outras actividades relacionadas co deporte n.c.n.

